

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: NOMEAMENTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO GOBERNO MUNICIPAL**  
**EXPEDIENTE: 2019/G003/001956**

En sesión plenaria de 2 de xullo de 2019, de organización da Corporación Local, prestouse aprobación á creación de 7 postos de traballo de persoal eventual de confianza.

Máis concretamente, no punto décimo se crearon 4 postos de persoal eventual para o Goberno e 3 postos de persoal eventual para a oposición.

Os postos para o Goberno (4) son 2 administrativos/as de Gabinete da Alcaldía e 2 auxiliares administrativos/as para o Goberno.

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente das previstas nos artigos 21.1.h) e 104 da Lei //1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), **resolve:**

**Primeiro.-** Nomear persoal eventual de confianza do Goberno a **Francesco Bertussi**, con [REDACTED] coa categoría profesional de auxiliar administrativo do Goberno Municipal.

As características son as recollidas para este posto no acordo plenario de organización de 2 de xullo de 2019. A súa xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade, segundo as necesidades do Goberno Municipal.

Terá unha retribución bruta anual de 20.473,28 euros, que se percibirán en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As súas retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

**Segundo.-** O nomeamento terá efectos dende o 13 de xullo de 2019, previa aceptación de Francesco Bertussi.

**Terceiro.-** Publicar esta resolución a efectos de xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Ames, 5 de xullo de 2019

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo

C.I.F.: P - 1500200 - I

FIRMA DO POR: José Manuel Miñones Conde (FECHA: 05/07/2019 13:55:00) , Rosa Ana Prada Queipo (FECHA: 05/07/2019 13:57:00)

Decreto N°: 1858/2019 - Fecha de decreto: 05/07/2019  
Versión imprimible

CVD: tkrhCDxn7s7w5gI1B4  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.